

**1.- O Real Decreto 830/2010, do 25 de xuño, polo que se establece a normativa reguladora da capacitación para realizar tratamentos con biocidas, establece 3 grupos principais de produtos biocidas (Art. 1 Obxecto e ámbito de aplicación). Tendo en conta dita clasificación, os insecticidas, acaricidas e produtos para controlar outros artrópodos, a que grupo principal de produto biocida pertencen?:**

- a) Desinfectantes e biocidas xerais
- b) Conservantes
- c) Praguicidas
- d) Repelentes e atraíntes

**2.- Segundo establécese no RD 830/2010, do 25 de xuño, polo que se establece a normativa reguladora da capacitación para realizar tratamentos con biocidas, os produtos empregados como insecticidas, acaricidas e produtos para controlar artrópodos, pertencen ao tipo de produto denominado:**

- a) Tipo de produto 18 ( TP18).
- b) Tipo de produto 8 ( TP 8).
- c) Tipo de produto 14 ( TP14).
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

**3.- Segundo establécese no Art. 18 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e chans contaminados: “Obrigacións do produtor ou outro posuidor inicial relativas ao almacenamento, mestura, envasado e etiquetaxe de residuos”, a duración máxima do almacenamento dos residuos perigosos por parte do produtor será de:**

- a) 6 meses
- b) 2 anos
- c) 5 anos
- d) 10 anos

**4.- As etiquetas dos envases de produtos perigosos deben incluír unha información mínima para protexer dos riscos que ocasionan. Estas etiquetas deben conter a seguinte información:**

- a) Identificación do provedor ou provedores da substancia ou mestura (nome, dirección e número de teléfono)
- b) Pictograma/s de perigo
- c) Identificación do produto e da substancia ou substancias perigosas que compoñen a mestura (nome e número/s de identificación)
- d) Todas as respostas anteriores son correctas

**5.- Coa entrada en vigor do Real Decreto 1311/2012, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sostible dos produtos fitosanitarios, créase o Rexistro Oficial de Produtores e Operadores. Neste rexistro deberán estar rexistrados:**

- a) Subministradores dos medios de defensa fitosanitaria definidos no artigo 2. m da Lei 43/2002 do 20 de novembro de sanidade vexetal
- b) Aplicadores que prestan servizos realizando tratamentos
- c) Calquera usuario que utilice produtos fitosanitarios
- d) As opcións a) e b) son correctas

**6.- Os compoñentes dun produto fitosanitario son:**

- a) Materia activa, materias ou ingredientes inertes, e aditivos
- b) Materia activa, aditivos, e coadxuvantes
- c) Materia activa, materias ou ingredientes inertes e coadxuvantes
- d) Materia activa, materias ou ingredientes inertes, aditivos e coadxuvantes

**7.- Segundo establécese no Capítulo XI do Real Decreto 1311/2012, do 14 de setembro, é de aplicación o uso de produtos fitosanitarios en calquera actividade distinta da produción agrícola. Indicar a resposta correcta:**

- a) Permítese o seu uso en redes de servizos: áreas non urbanas, comprendidos os ferrocarrís e demais redes viarias, as de condución de augas de rega ou de avenamento, de tendidos eléctricos, devasas ou outras, de dominio público ou privado.
- b) Permítese o seu uso en espazos de uso privado: espazos verdes ou con algún tipo de vexetación en vivendas ou ao carón a elas.
- c) Permítese o seu uso en zonas industriais: áreas de acceso restrinxido, de dominio público ou privado, tales como centrais eléctricas.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

**8.- Memento Database é unha aplicación de base de datos que pode utilizarse para xestionar tarefas en campo. Indicar a resposta incorrecta:**

- a) Permite exportar datos en formato csv.
- b) Permite traballar sen conexión.
- c) Permite o uso de bibliotecas predefinidas.
- d) Permite traballar sen transferir os datos á nube.

**9.- En relación á cartografía, indicar a resposta incorrecta:**

- a) A base cartográfica de Galicia normalízase en base ao sistema de coordenadas en proxección UTM, sistema xeodésico de referencia ETRS89; fuso 29 N, mentres que no resto da península úsase o fuso 30 N.
- b) Obtense un maior detalle na representación cartográfica dun plano a escala 1:50.000 que sobre un plano a escala 1:5.000.
- c) O código EPSG (European Petroleum Survey Group) do sistema de referencia Proxección UTM ETRS89 Fuso 29 N é 25829, mentres que na Proxección UTM ED50 Fuso 29 N é 23029.
- d) A estrela Polar serve de referencia no hemisferio Norte porque serve para calcular a orientación.

**10.- ¿Cal da seguinte enfermidade é producida por unha bacteria?:**

- a) Mildiu.
- b) Erwinia.
- c) Botritis.
- d) Phytophthora.

**11.- Indicar a resposta correcta sobre o nematodo do piñeiro (*Bursaphelenchus xylophilus*):**

- a) Os principais focos detectados en Galicia foron na provincia de Lugo, no límite coa provincia de León.
- b) Detectouse en Galicia por primeira vez no ano 2010, na provincia de Pontevedra.
- c) A dispersión do nematodo realízase principalmente por un insecto vector denominado *Hylotrupes bajulus*.
- d) Non é considerada unha das maiores enfermidades de coníferas a nivel mundial.

**12.- Os servizos WMS permiten ao usuario:**

- a) Editar as capas agregadas.
- b) Visualizar o contido da imaxe agregada.
- c) Modificar a simboloxía aínda que a capa non conte con distintos estilos incluídos.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

**13.- Os programas que empregan sistemas de información xeográfica ou GIS non poden editar ficheiros en formato:**

- a) Shp.
- b) Jpg.
- c) Gbd.
- d) Todas son correctas.

**14.- ¿Cal das seguintes aplicacións de móbil non é un navegador?**

- a) Maps Me.
- b) IGN. Mapas de España.
- c) Navegador & Maps.
- d) Qgis

**15.- ¿Cantas categorías de Equipos de Protección Individual existen?**

- a) I, II, III e IV.
- b) I, II, III, IV e V.
- c) I, II e III.
- d) I, II, III, IV, V e VI

**16.- Os equipos de protección destinados a protexer aos traballadores contra aerosois líquidos, sólidos e outros gases, correspóndense con:**

- a) EPIS de Categoría I.
- b) EPIS de Categoría III.
- c) EPIS de Categoría IV.
- d) EPIS de Categoría VI

**17.- O meridiano é unha liña imaxinaria:**

- a) Que percorre o eixo de Leste a Oeste
- b) Que marca os fusos horarios ata un total de 28 áreas en total.
- c) Que se enumeran por graos ata completar un total de 400°.
- d) Que percorre o eixo de Norte a Sur

**18.- Esta praga pode afectar gravemente a froiteiras:**

- a) Cryphonectria parasitica
- b) Hoplocampa brevis.
- c) Thaumetopoea pityocampa.
- d) Leptinotarsa decemlineata

**19.- A reixa de transformación de coordenadas en España, en formato Ntv2, consiste en:**

- a) Transformación de datum entre ED50 e ETRS89.
- b) Transformación de datum entre WGS84 e ETRS89.
- c) Transformación de datum entre ED50 e WGS84
- d) Transformación de datum entre WGS84 e ED50

**20.- Son extensións dun arquivo shapefile:**

- a) Shp, shx, dbf e prj.
- b) Shp, shx, pdf e sbx.
- c) Shp, dxf, dbf e prj
- d) Shp, shx, dbj e dxf

**21.- Antes de fumigar produtos vexetais almacenados é importante:**

- a) Asegurar a máxima aireación do recinto
- b) Realizar a fumigación ao baleiro
- c) Asegurar que a zona estea húmida
- d) Identificar a especie infesta e o estadio en que se atopa

**22.- Os produtos fitosanitarios de uso profesional deberán gardarse en armarios ou cuartos con determinadas características. Indicar a resposta incorrecta.**

- a) Estarán ventilados e provistos dun peche que evite o acceso de terceiros, en especial os menores de idade
- b) Situados en zonas libres de humidade e protexidos de temperaturas extremas
- c) Poderase almacenar material vexetal sempre que sexa na parte inferior
- d) Non estará situado en lugares próximos a masas de auga superficiais ou pozos de extracción de auga, ou en zonas que poidan asolagarse en casos de crecidas

**23.- As unidades do sistema de coordenadas UTM son:**

- a) A altitude ao nivel do mar
- b) Os Quilómetros ao nivel do mar
- c) Os metros ao nivel do mar
- d) O azimut en graos

**24.- O número de fusos de cada zona UTM é:**

- a) 24
- b) 60
- c) 40
- d) 100

**25.- As coordenadas xeográficas pódense dar utilizando distintos formatos, entre os que se atopan:**

- a) Graos, minutos e segundos
- b) Graos en decimais
- c) Graos e minutos representados en decimais con fracción
- d) Todas as respostas anteriores son correctas

**26.- O produtor ou outro posuidor inicial de residuos, para asegurar o tratamento adecuado dos mesmos, estará obrigado a:**

- a) Non está obrigado ao seu tratamento, é o destinatario final o responsable
- b) Encargar o tratamento dos seus residuos a unha entidade ou empresa, todos eles rexistrados conforme ao establecido na lexislación vixente.
- c) Unicamente é necesario informar á administración competente dos residuos xerados. d) Todas as respostas anteriores son correctas

**27.- O acrónimo ABS cando nos referimos a un casco, significa:**

- a) Que está sometido a uns ensaios de presión para o seu uso de poda en altura
- b) É un material co que se fabrican algúns tipos de cascos.
- c) É unha marca comercial dunha fabricante de cascos.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas

**28.- ¿Cal das seguintes especies de pragas non pertence á familia dos curculiónidos?**

- a) Pissodes notatus
- b) Gonipterus platensis.
- c) Phoracanta semipunctata.
- d) Naupactus xanthographus

**29.- ¿O fungo Phytophthora cinnamoni afecta a?**

- a) Cerdeira
- b) Carballo.
- c) Castaño.
- d) Peral silvestre

**30. - Ante un aviso de niño de velutina, segundo establécese no Programa galego de vixilancia e control fronte á avésa asiática, o alertante deberá comunicalo chamando a:**

- a) 012
- b) 112 se é emerxencia.
- c) Ao número de Seaga: 981 546 127.
- d) As dúas primeiras respostas son correctas

**31.- Segundo se establece no Programa galego de vixilancia e control fronte á avespa asiática, non se retirarán os niños que se atopen nos seguintes casos:**

- a) Situados a menos de 25 m de altura
- b) Situados nas liñas eléctricas.
- c) Situados dentro do perímetro de seguridade dos cursos de ríos, masas superficiais e outros acuíferos.
- d) As dúas primeiras respostas son correctas

**32.- ¿Cal é o sistema europeo de radionavegación e posicionamento por satélite?**

- a) GPS
- b) SBAS.
- c) GALILEO.
- d) GLONASS

**33. - Actualmente, segundo establécese no RD 1071/2007, do 27 de xullo, polo que se regula o sistema geodésico oficial en España, o sistema de referencia adoptado é:**

- a) ED1950
- b) ETRS89.
- c) WGS84.
- d) Todas as respostas son correctas

**34. - Cando falamos de Mycosphaerella, dicimos que se trata de:**

- a) Un gurgullo
- b) Un fungo.
- c) Un lepidóptero.
- d) Un himenóptero

**35. - É obrigatorio que todos os EPIs leven a mercado CE?**

- a) Non
- b) Si, excepto as luvas.
- c) Si.
- d) Si, pero unicamente se están fabricados dentro dos países da UE

**36. - Non está considerado como equipo de protección individual:**

- a) Tapóns de protección auditiva
- b) Mergullador de seguridade contra a avespa asiática.
- c) Lentes de protección fronte a soldadura
- d) A roupa de traballo e uniformes en xeral que non estean especificamente destinados a protexer a saúde ou a integridade física do traballador

**37. - Dentro dos programas de Sistema de Información Xeográfica, existen algúns que non teñen licenza de software libre:**

- a) Qgis
- b) ArcGIS PROL.
- c) Saga Gis
- d) OpenJump

**38. - A plantación de híbridos resistentes é un método de prevención da enfermidade do castiñeiros provocada por:**

- a) Armillaria mellea
- b) Botrytis cinerea
- c) Phytophthora cinnamomi
- d) Fusarium circinatum

**39. - A plantación de híbridos resistentes é un método de prevención da enfermidade do castiñeiros provocada por:**

- a) Botrytis cinerea
- b) Armillaria mellea
- c) Phytophthora cinnamomi
- d) Fusarium circinatum

**40. - O empresario estará obrigado a:**

- a) Elaborar e conservar o Plan de prevención de riscos laborais
- b) Realizar a avaliación de riscos de forma xenérica, sen especificar condicións da exposición de traballadores en situación de embarazo.
- c) A empresa que contrate ou subcontrate a realización de obras no seu propio centro de traballo non deberá vixiar o cumprimento por parte das devanditas empresas a normativa de prevención de riscos laborais.
- d) O empresario non necesita notificar por escrito á autoridade laboral os danos para a saúde dos traballadores ao seu servizo que se produciron con motivo do desenvolvemento do seu traballo.



## **PREGUNTAS DE RESERVA**

### **41. - Indicar a resposta incorrecta na vixilancia da saúde:**

- a) O empresario non está obrigado a realizar controis periódicos das condicións de traballo e da actividade dos traballadores.
- b) O empresario garantirá aos traballadores ao seu servizo a vixilancia periódica do seu estado de saúde en función dos riscos inherentes ao traballo.
- c) As medidas de vixilancia e control da saúde dos traballadores levarán a cabo respectando sempre o dereito á intimidade e á dignidade da persoa do traballador e a confidencialidade de toda a información relacionada co seu estado de saúde.
- d) Os resultados da vixilancia serán comunicados aos traballadores afectados.

### **42. - Indicar a resposta incorrecta en canto á formación dos traballadores en materia de prevención de riscos laborais:**

- a) A formación deberá realizarse de forma xeneralizada, sen ter que adaptarse especificamente a cada posto.
- b) O empresario deberá garantir que cada traballador reciba unha formación teórica e práctica, suficiente e adecuada, en materia preventiva.
- c) A formación poderase impartir pola empresa mediante medios propios ou concertándoa con servizos alleos.
- d) O custo da formación non recaerá en ningún caso sobre os traballadores.

### **43. - O procedemento de primeiros auxilios usado cando unha persoa está a afogarse, denomínase:**

- a) Manobra de Hoover.
- b) Manobra de Heimlich.
- c) Manobra de Hofmann.
- d) Manobra de Hamilton.

### **44. - O arquivo shapefile representa datos espaciais nas seguintes entidades:**

- a) Puntos.
- b) Liñas.
- c) Polígonos.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

### **45. - A inoculación de cepas hipovirulentas é unha técnica que se aplica no tratamento de:**

- a) Tinta do castiñeiro.
- b) Avispilla do castiñeiro.
- c) Mancha foliar do castiñeiro.
- d) Chancro do castiñeiro.



**PROBA SELECTIVA NA CATEGORÍA ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA.  
PERFIL PROFESIONAL “DIRECCIÓN E/OU XEFATURA DE OBRA”  
IDIOMA: GALEGO**

CÓDIGO: